



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

XOVES 19

NOVIEMBRE 2020

Auditorio de Galicia, 20.30 h

CINEUROPA

THE KID de Charles Chaplin

Timothy Brock, director

PROGRAMA

The Kid (1921) de Charles Chaplin

Música: Charles Chaplin (1971)

Dirección e guión: Charles Chaplin

Axudantes de dirección: Frank Powolny, A. Edward Sutherland

Vestuario: Mother Vinot

Fotografía: Roland H. Totheroh

Música orixinal: Charles Chaplin (1971)

Restauración da partitura: Carl Davis (1995)

Restauración da partitura para actuacións en directo: Timothy Brock (2016)

Director artístico: Charles D. Hall

Estrea: 6 de febreiro de 1921

Editor e produtor: Charles Chaplin

Nacionalidade: Estados Unidos

Distribución: First National

VAGABUNDO

Charles Chaplin

RAPAZ

Jackie Coogan

O SEU IRMÁN

MAIOR

Raymond Lee

NAI

Edna Purviance

ARTISTA

Carl Miller

O SEU AMIGO

Granville Remond

POLICÍA

Tom Wilson

A SÚA MULLER

May White

PROFESOR,

VIXIANTE

NOCTURNO

Henry Bergman

MATÓN

Charles Riesner

ANXO DA

TENTACIÓN

Lillita MacMurray

(Lita Grey)

MULLER CON

BEBÉ NO SEU

COCHECIÑO

Edith Wilson e o

seu bebé

ENFERMEIRA

Nellie Bly Baker

HOME NO

REFUXIO

Albert Austin

CARTEIRISTA,

INVITADO, DEMO

Jack Coogan Sr.

CURA

Edgar Sherrod

NOIVA

Beulah Bains

NOIVO

Robert Dunbar

NAI DA NOIVA

Kitty Bradbury

PAI DA NOIVA

Rupert Franklin

DAMAS DE

HONRA

Flora Howard, Elsie

Sindora

POLICÍA RUDO

Walter Lynch

VAGABUNDO

Dan Dillon

MÉDICO

Jules Hanft

POLICÍA

Silas D. Wilcox

CRIADAS

Kathleen Kay, May

White

MULLER FURIOSA

Minnie Stearns

OFICIAL

Frank Campeau

O SEU AXUDANTE

F. Blinn

XEFE DE POLICÍA

John McKinnon

RAPAZ DE BEBÉ

Silas Hathaway

EXTRAS NA

VODA

Elsie Young, V.

Madison, Evans

Quirk, Bliss

Chevalier, Grace

Keller, Irene

Jennings, Florette

Faulkner, Martha

Hall, Estelle Cook,

J. B. Russell, Lilian

Crane, Sarah

Kernan, Philip

D'Oench, Charles I.

Pierce

EXTRAS NO

CALELLO

Elsie Codd, Mother

Vinot, Louise

Hathaway, Amada

Yanez e o seu bebé

EXTRAS NA

RECEPCIÓN

Clyde McAtee,

Frank Hale, Ed Hunt,

Rupert Franklin,

Frances Cochran,

George Sheldon

EXTRAS NO CEO

Sadie Gordon, Laura

Pollard, L. Parker,

Ethel O'Neill, L.

Jenks, Esther

Ralston, Henry

Roser

Duración aproximada do concerto: 65 minutos. Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Teimuraz Janikashvili
(concertino)
Anca Smeu (axuda de
concertino)
Ildikó Oltai **
Daniel Kordubaylo
Victoria Jurov
Yulia Petrushevskaya
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Claudio Guridi

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Samira Ajkic
Kiyoko Ohashi
Gyula Vadaszi
Enrique Roca
Elina Viksne

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov
Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Millán Abeledo
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOE

Esther Viúdez *

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Joaquín Meijide (R)

FAGOT

Manuel Veiga *

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Iago Ríos (R)

TIMBAIS/ PERCUSIÓN

José Vicente Faus *
Juan A. Vázquez ***
Roberto Oliveira (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

PIANO/CELESTA

Haruna Takebe (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

TIMOTHY BROCK

DIRECTOR

Timothy Brock é un activo director e compositor especializado en obras de concerto de principios do século XX e representacións en vivo de cine mudo. Como autoridade nas prácticas de interpretación orquestral dos anos vinte e trinta, ten sido reclamado para dirixir algunhas das mellores orquestras do mundo, tanto en repertorio de concerto como en música cinematográfica de época.

Considerado un dos máis importantes expertos en música de cine mudo, as súas contribucións máis salientables neste campo son as súas restauracións e as edicións publicadas da única partitura de cine mudo de Dmitri Shostakóvich, *A nova Babilonia* (1929); a épica italiana de Manilo Mazza, *Cabiria* (1913); a partitura dadaísta de Eric Satie, *Entreacto* (1924); e a famosa partitura de George Antheil para o *Ballet mecánico* (1924). Outras restauracións de partituras cinematográficas inclúen *Opus I* (1920) de Max Butting, *O asasinato do duque de Guisa* de Camille Saint-Saëns (1908) e *Sinfonía do lume* (1914) de Ildebrando Pizzetti.

O seu traballo sobre as partituras de Charles Chaplin comezou en 1998 cando lle encomendan a restauración da ilustre partitura de *Tempos modernos* e

desde entón restaurou 12 longametraxes mudas de Chaplin e partituras curtas ata que rematou o traballo en 2012. Estas partituras inclúen *Luces da cidade* (1931), *A febre do ouro* (1924) e *O circo* (1928). En 2004 Brock tamén transcribiu minuciosamente unhas 13 horas de composicións inéditas dunha gravación de acetato recentemente descuberta de Chaplin compoñendo no piano. Isto deu lugar á creación dunha nova partitura para o drama *Unha muller de París* (1923), un traballo que Brock dirixiu en concerto varias veces, incluído no Cinema Ritrovato de Boloña en 2005 e no Kino-Babylon de Berlín en 2011, así como unha gravación realizada coa Orquestra Città Aperta en Roma e Londres, coa quen tamén dirixiu unha gravación completa de *A febre do ouro* en 2012.

Timothy Brock tamén foi unha figura pioneira na área do que popularmente se coñeceu como *Música Dexenerada*, música de compositores prohibida polo Terceiro Reich, pola que recibiu algúns dos seus maiores recoñecementos. Entre 1989-2000 ofreceu as estreas norteamericanas da *Sinfonía núm. 2* de Erwin Schulhoff, *Pequena Sinfonía*, *Niemandslied* e *Kuhle Wampe* de Hanns Eisler, así como unha das primeiras representacións da conmovedora

ópera de Viktor Ullmann *O emperador da Atlántida*, escrita desde o gueto de Terezin en 1944. As obras de Erwin Schulhoff (1894-1942), Franz Schreker (1878-1934), Alexander von Zemlinsky (1871-1942), Hans Krása (1899-1944), Gideon Klein (1919-1944) e Pavel Haas (1899-1944) destacaron nesta serie.

Como compositor escribiu aproximadamente 60 obras para concerto e cine mudo. As súas obras de concerto inclúen tres sinfonías, tres concertos, unha cantata, dúas óperas e varias pezas orquestrais individuais. En 1995 recibiu unha bolsa para compositores da Comisión de Artes do Estado de Washington, durante a cal compuxo a súa primeira ópera, *Billy* (1995, libreto de Bryan Willis), o *Divertimento: cinco imaxes postais* para orquestra e a súa segunda ópera, *Mudhoney* (1998, adaptación do guión orixinal de *Friday Locke* do compositor e Bryan Willis). En 1999 recibiu o encargo de compoñer un ciclo de cancións orquestrais para a coñecida soprano Cyndia Sieden, quen ofreceu a estrea de *O funeral de Youth* de Brock, catro escenas orquestrais de catro poemas do poeta inglés Rupert Brook. Na actualidade está a compoñer un novo concerto para violín para Stephen Bryant (Orquestra Sinfónica da BBC).

Escribiu 27 partituras orixinais para cine mudo ao longo de case 30 anos. Destacan o *Prix de beauté* (Orquestra Nacional de Lyon), *O heroe do río* (Orquestra Sinfónica de Berna), *Amencer* (20th Century Fox), *O camarógrafo* (Orquestra de Cámara de Los Ángeles), *Parodia de Carmen* (Teatro de la Zarzuela, Madrid) e *O gabinete do doutor Caligari* (Filarmónica de Bruxelas). A longa relación de Brock coa institución mundial de preservación do cine, a Filмотeca de Boloña, deu lugar a sete partituras, incluíndo *Nosferatu* (1922), *O abanico de Lady Windermere* (1925), *O defunto Matías Pascal* (1926) e *Tres homes malos* (1926). En 2017 Brock dirixiu a estrea mundial da súa tan esperada nova partitura para a épica de ciencia ficción de Fritz Lang *A muller na Lúa* (1929), encargada polo Konzerthaus de Viena e estreada en Viena coa Orquestra Sinfónica da Radio de Viena.

Simplemente enumerando os personaxes como o home, a muller, o vagabundo e o policía temos xa os elementos que compoñen un drama.

A historia comeza coa muller, «cuxo pecado é ser nai», no momento en que abandona o Hospital co seu fillo recentemente nado. As portas péchanse tras ela mentres as enfermeiras sorrín cinicamente ante unha traxedia tan antiga como a humanidade. Camiñando sen rumbo, a desgraciada mai ve unha luxosa limusina aparcada e, sen pensalo dúas veces, escribe unha nota apresurada «por favor, acolla e déalle cariño a este pobre orfo», introducéa co neno no interior do automóbil e vaise ás prásas; sen deterse a reflexionar, enlouquecida pola dor, procura o río no que agarda encontrar o esquecemento. A punto de subirse ao muro para culminar o seu desexo, é detida polas mans dun neno que, inocentemente, tíralle da saia. Nun instante, o amor de nai ábrese paso no seu corazón e volve correndo a recuperar ao seu fillo abandonado, mais o automóbil xa non está, foi roubado, e a muller perde o sentido afundida pola súa trágica desesperación. Cando os ladróns oen o pranto do bebé mentres conducen por un suburbio, sacan ao bebé con mostras de desagrado e abandónano xunto a uns cubos de lixo nun sórdido calello. Charlie, digno e despreocupado, sae a dar o seu paseo matinal, sorteando os desperdicios que como cada mañá arrojan pola xanela e oe chorar ao bebé,

recolle o prezado paquete e inicia a procura da nai, sen éxito. Despois de tratar en balde de librarse da súa carga, vese obrigado a levalo á súa bufarda. Tratará agora por todos os medios de facer as veces de pai e nai.

Pasaron cinco anos. O bebé medrou e agora é un neno cheo de vitalidade que creou un forte vínculo afectivo co seu pai adoptivo. É máis, fixéronse compañeiros inseparables nos avatares da vida: Jackie dedícase a crebar as fiestras dos veciños e, ao pouco, aparece inocente Charlie como vendedor ambulante de cristais. Un próspero negocio, a pesar das sospeitas da policía. Pero o tempo trouxo tamén outros cambios. Fraguada na desventura, a nai fíxose famosa como cantante de ópera. Sen embargo, a pesar do seu éxito material, o amor de nai a queima tanto que so encontra consolo visitando aos nenos dos barrios máis pobres, cos que se comporta como unha auténtica madriña.

Nunha ocasión en que a muller está xogando cun neno pequeno na beirarrúa, Jackie abre a porta e sae. Ela sorrille a agasallao cun xoguete, sen saber que se trata do seu propio fillo. Máis tarde se atopará a miúdo con el, totalmente ignorante do vínculo que os une e, incluso, unha vez, despois de presenciar unha pelexa que mantén cun neno do barrio, lévao en brazos ao seu «pai», ao que apremia para que mande na procura dun médico.

Chega o médico e cando descobre que o rapaz non é fillo de Charlie marcha afirmando que o rapaz necesita cuidados e atención apropiados, aínda que a súa idea de cuidados apropiados é o Hospital do Condado ou a Casa dos Pobres. Queda co anaco de papel que levaba enriba o bebé o día en que foi abandonado e que Charlie lle entregou. Chegan os encargados do Hospital del Condado, pero Charles oponse con furia aos seus intentos de levar a Jackie, que agora está convalescente. Despois dunha intensa loita, levan ao rapaz nun automóbil, pero Charlie atalla polos tellados e rescata ao rapaz dos seus captiores.

Mentres tanto, o médico mostroulle á nai o anaco de papel e ela dase conta de que o rapaz é o seu fillo perdido. Emrende a busca. Charlie e Jackie, agora sen fogar porque non se atreven a volver á bufarda, marchan pasar a noite a unha humilde pensión. O propietario recoñece ao rapaz pola descrición que fai a súa desconsolada nai no xornal e, cando todos durmen, marcha co rapaz, que durmía xunto a un agotado Charlie, á comisaría. A policía manda a procurar á nai e devólvenlle a Jackie.

Charlie esperta e decátase que o rapaz non está. Angustiado, sae á rúa e pasa o resto da noite procurando, ata caer esgotado diante da porta da súa casa. E soña. Ve o destartalado barrio transformado nun verdadeiro paraíso, cheo de toda a comida

e bebida que se poida desexar. E a única moeda de pago é o amor. Todos, antigos amigos e inimigos, son agora amigos. Todos teñen alas e tocan a arpa e outros instrumentos celestiais.

Jackie está alí e colle a Charlie da mano; entón Charlie dase conta de que tamén el ten alas, unhas alas fortes e brancas. Desgraciadamente, chega o Pecado e Charlie vese envolto nunha pelexa co seu vello inimigo. Tenta escapar, voando, pero é derribado sen piedade e nese momento esperta axitado polo enorme policía ao que tiña esquivado fuxindo polos tellados.

O policía cólleo polo colo e empúrrao sen contemplacións pola esquina. Para o seu asombro, méteno dun empurrón nun coche que o está agardando. Frota os ollos e pregúntase se sigue soñando. Non, o vehículo lévao a un barrio elegante e déixao ante unha gran mansión. O seu escolta baixa do coche, agárrao do brazo, condúceo á casa e faille soar a campá. A porta ábrese e Jackie e a súa nai recén encontrada invitan a entrar a Charlie e a quedar con eles un tempo. A porta péchase tras a nai, Charlie e o rapaz.

(Texto dos Estudios Chaplin, 1921)

THE KID e CHAPLIN (1921)

Moitos dos admiradores de Chaplin consideran *The Kid* a súa película máis perfecta e persoal. Parece, con todo, que naceu nun momento da súa vida persoal no que atravesaba unha aguda crise emocional. En outubro de 1918 Chaplin precipitouse a un matrimonio cunha actriz de 17 anos, Mildred Harris. A parella apenas tiña nada en común e o estado de aburrimiento e frustración que arrasaba a Chaplin deu como resultado un forte bloqueo creativo. Máis tarde escribiría: «Non conseguía ter nin unha idea».

Mildred quedou embarazada e deu a luz un fillo con malformacións que morreu aos tres días de nacer. Chaplin sufriu evidentemente un forte trauma con esta perda, pero as reaccións dunha mente creativa son impredecibles. Só dez días despois do enterro do seu fillo, Chaplin estaba a realizar audicións con nenos no seu estudio. De súpeto parecía superado o bloqueo creativo. Mostrábase absorbido e entusiasmado por un novo proxecto no que o pequeno vagabundo se convertería en pai adoptivo dun neno abandonado. A película se titularía *The Waif*.

Por casualidade, un día achegouse a un Music Hall no que actuaba un afamado

bailarín. Ao termo da actuación, o artista sacou ao escenario ao seu fillo de catro anos, un precioso neno moi esperto chamado Jackie Coogan. Chaplin atopara ao seu coprotagonista. Jackie era un imitador innato, capaz de reproducir con precisión calquera acto ou expresión que Chaplin lle mostraba. Era, pois, o perfecto colaborador. Chaplin era o creador supremo e exclusivo das súas películas. Os seus colegas coincidían en que, se puidese, interpretaría cada un dos personaxes. Ao ser imposible, buscaba actores e actrices que puidesen e quixesen copiar fielmente e sen ningún cuestionamento o que Chaplin presentaba. En Jackie Coogan atopou ao seu actor ideal. A súa inspiración non decaeu en ningún momento durante a rodaxe, que se estendeu durante máis de nove meses. A única interrupción foi a do par de semanas que Chaplin tomou para filmar unha comedia alegre e sen complicacións, *A day's pleasure*, co fin de calmar aos seus distribuidores, desesperados pola lentitude na entrega de películas novas. Chaplin nunca se mostrou tan pertinaz na súa característica procura da perfección que coa realización de *The Kid*. Rodou con infinita paciencia cada escena

unha e outra vez ata quedar totalmente satisfeito. Cando rematou, tiña rodado cincuenta veces máis metraxe do que apareceu na película final. Esta proporción -en concreto foi de 53 a 1- foi a máis alta que acadou de todas as películas que realizou.

The Kid é quizais a máis potente combinación, que xamais lograse Chaplin, do cómico e o dramático. A angustia e a furia da loita do vagabundo por reter ao rapaz ao seu lado están inspiradas, sen dúbida, polos recordos da propia infancia de Chaplin, que tivo que sufrir a triste separación da súa nai cando tiña só sete anos e a súa reclusión nun fogar para nenos sen recursos. Cando finalizou a rodaxe, Mildred, a esposa de Chaplin, xa totalmente fóra da súa vida, comezara unha demanda de divorcio. Aterrado pola posibilidade de que os avogados de Mildred tentasen quedar coa película, Chaplin e os seus colaboradores máis leais fuxiron de California. A película montouse en segredo nun hotel de Salt Lake City e nun estudio anónimo de Nova York. Seguían os problemas económicos cos distribuidores, pero cando por fin estreouse The Kid en febreiro de 1921 foi un éxito instantáneo en todas as

ciudades en que se proxectou, quizais o maior triunfo da carreira de Chaplin. Jackie Coogan, con 7 anos, fíxose famoso en todo o mundo e foi recibido por príncipes, presidentes e o propio Papa cando se embarcou nunha xira europea. Gozou dunha breve carreira cinematográfica como neno actor, pero como declararon os entendidos de Hollywood, «a senilidad alcanzouno aos 13 anos». Xa de adulto viuse sen diñeiro: a súa nai e o seu padrasto administraran mal todo o gañado na súa infancia e o pouco que quedou desapareceu rapidamente en batallas legais. O único bo que saíu de toda a publicidade que se fixo dos problemas de Jackie foi a aprobación dunha lei que outorgaba protección financeira aos artistas menores de idade; aínda hoxe coñécese como Lei Coogan. Moito máis tarde, Jackie, o que fose o neno máis guapo do mundo, conseguiu unha fama ben diferente interpretando a un vello desagradable, o tío Fester na serie de televisión The Addams family. Todo isto, con todo, quedaba lonxe e oculto no futuro alá en 1921, cando The Kid deu a Chaplin ao único verdadeiro coprotagonista da súa carreira e elevou a Chaplin e o neno todo o máis alto da fama e o afecto mundial.

Na banda sonora de *The Kid* (1971), Chaplin lévanos de volta, musicalmente falando, aos seus tempos de xuventude no Music Hall inglés. Grosas pinceladas de música lixeira de pantomima, entrelazadas pola indeleble marca melódica de Chaplin. A corda móstrase exuberante, o vento soa lixeiro e o poder do sentimento tráxico é refreado por un compositor que coñece os seus temas. Un sentimento érguese sobre todo o demais a modo de halo de fascinación nestas bandas sonoras posteriores, unha sensación difícil de identificar que impregna estas películas para sempre de lirismo. É certo que a música de Chaplin adquiriu certo toque de bel canto na súa vellez, e aos 82 a integridade melódica da súa obra fíxose aínda máis pronunciada. A banda sonora de *The Kid* ten un enfoque como de improvisación que non se centra en detalle na acción que se está desenvolvendo senón que deixa que o drama transcorra ao seu ritmo mentres Chaplin fixa o ton e a cor da escena. Esta maneira de facer aseméllase á aplicada na comedia teatral con música, da que son mestres os ingleses. Podemos imaxinar que os días que pasou Chaplin con Fred Karno

exercerían unha importante influencia nas súas últimas composicións, pois todas elas plasman esta distinción de ritmo e tempo. A banda sonora foi restaurada por Carl Davis en 1995.

Timothy Brock

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 26 de novembro, 20.30 h

PAXAROS E ORQUESTRA

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Matthieu Arama, violín

A. Siebert, *Memorias dun neno labrego*
(Obra encargo RFG)*

E. Rautavaara, *Cantus arcticus*, op. 61

J. Sibelius, *Concerto para violín en re menor*. * Estrea en España
op. 47

* Estrea absoluta

Xoves 10 de decembro, 20.30 h

ABRAZANDO A NATUREZA

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

A. Clyne, *Within her arms**

B. Dean, *Sinfonía pastoral**

L.v. Beethoven, *Sinfonía núm. 6 en Fa maior*, op. 68 "Pastoral"

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

